

Plan de Igualdade CoEducativo





Edita:

Concello de Narón (A Coruña) - Concellaría de Educación e Bilbiotecas - Servizo Sociocomunitario - 2020

Concelleira Delegada de Educación e Bibliotecas:

D^a. Mercedes Taibo Rey

Asistencia Técnica:

SENES Cit SL

Dirección, Coordinación e Desenvolvemento:

D^a M^a Yolanda Martínez Garcia

Xefa do Servizo Sociocomunitario municipal

D^a M^a Mercedes Sánchez Romero e Judith M^a Martínez Casteleiro

Educadoras Sociais do Servizo Sociocomunitario municipal

Normalización lingüística: Adela Pita Permuy

Agradecementos:

A toda a comunidade educativa participante: persoas que forman parte da dirección dos centros educativos, ao profesorado, ás ANPA, consellos escolares e representantes do alumnado que fixeron posible a elaboración do I Plan de



Plan de Igualdade
Co-Educativo

Igualdade intercentros de ensino do Concello de Narón, grazas á súa participación, ás súas achegas e ao seu firme compromiso coa igualdade de xénero no Concello de Narón.

Este plan foi realizado sendo alcaldesa de Narón D^a Marián Ferreiro Díaz

Índice

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CONTEXTO NORMATIVO**
- 3. METODOLOXÍA**
- 4. DIAGNOSE**
 - 4.1. ANÁLISE XERAL DA SITUACIÓN DE PARTIDA**
 - 4.2. CONTEXTUALIZACIÓN**
- 5. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS**
- 6. ESTRUTURA:**
 - EIXE 1: CENTROS EDUCATIVOS**
 - EIXE 2: LINGUAXE INCLUSIVA**
 - EIXE 3: FAMILIA**
 - EIXE 4: LGTBIQ+**
 - EIXE 5: BIBLIOTECAS**
 - EIXE 6: PATIOS E COMEDORES COEDUCATIVOS**
 - 6.1. PROPOSTA DE PROXECTO DE PATIO COEDUCATIVO**
- 7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**
- 8. GLOSARIO**
- 9. ANEXOS:**
 - I. ANEXO 1: MODELO DE FICHAS**
 - II. ANEXO 2: EXEMPLO DE PROXECTO DE PATIO COEDUCATIVO**
 - III. RECURSOS DISPOÑIBLES**

1. Introducción

Nos últimos anos no Estado español, e concretamente en Galicia, aprobáronse leis en materia de igualdade entre mulleres e homes e en contra da violencia de xénero. Aínda así, seguen a existir obstáculos que impiden acadar ese obxectivo. Por isto mesmo, levamos a cabo unha diagnose dos centros educativos públicos e concertados do Concello de Narón para poder elaborar o Plan de igualdade intercentros de ensino do Concello de Narón

Para impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

Así mesmo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinou un acordo coa **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia**, o día 22 de febreiro do 2019, co fin de cumprir as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Este acordo inclúe medidas concretas de actuación, con especial atención á organización dos centros e á formación do profesorado.

Por todo isto, para organizar as propostas de traballo dos centros educativos de Narón elaborouse o Plan de Igualdade Intercentros de ensino do Concello de Narón, que concreta as medidas de actuación a propoñer para acadar os obxectivos coeducativos.

Previo a todo isto, realizouse unha diagnose na que participaron as persoas que forman parte da dirección dos centros educativos, profesorado, as ANPA, consellos escolares e representantes do alumnado.

Os centros educativos participantes foron os seguintes:

CENTRO ESCOLAR**DIRECTOR/A**

CEIP A SOLAINA	Xosé Nel Comba Paz
CEIP PIÑEIROS	Belén Franco Mouriz
CEIP PONTE DE XUVIA	Carlos Pena Bellón
CEIP A GÁNDARA	Eva M ^a Bouza Rey
CEIP VIRXE DO MAR	M ^a del Carmen Loureiro Rodríguez
CPI DO FEAL	Juan Carlos Bedia Vidal
CRA DE NARÓN	Susana García Martínez
IES AS TELLEIRAS	Cristina Alves Ferreira
IES TERRA DE TRASANCOS	Graciela Galdo Vigo
CPR AYALA	Iago Fontela Sánchez
CPR JORGE JUAN	M ^a José Cazorla Pena
CPR SANTIAGO APÓSTOL	Julio M. Castro Aries

2. Contexto Normativo

No ámbito autonómico, **o Estatuto de Autonomía promulgado en 1981, no seu artigo 4.2** xa enuncia que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos sociais sexan reais e efectivas, así como remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, e facilitar a participación das galegas e dos galegos en todas as esferas da vida.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece como principio da educación, no seu artigo I “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

A Lei 2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no seu título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQ+ e na promoción da súa visibilidade.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade de mulleres e homes e establecerá, sobre a base dunha diagnose previa, as necesidades, os obxectivos, as directrices de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

As Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.


O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 17, o seguinte: o fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

O II Plan de igualdade do Concello de Narón “Por Igual”, na área de igualdade no proceso educativo recolle como obxectivo estratéxico “potenciar as actuacións encamiñadas a introducir o principio de

igualdade dende as idades mais temperás e en todos os procesos educativos, tanto formais como non formais”

3. Metodoloxía

Comisión de Igualdade:



- Toda a comunidade educativa deberá implicarse.
- Cada centro de ensino selecciona unha persoa para formar parte desta comisión non sendo nominativo.
- As persoas responsables nomeadas na comisión deberían ser o referente do plan e deben asumir a coordinación das actuacións e o labor de sensibilización.
- A periodicidade idónea de xuntanza sería trimestral.
- É de extraordinaria importancia a implicación e compromiso dos equipos directivos de cada centro.
- Procurarase fomentar no centro un grupo de coeducación e traballar en estreita relación cos seus integrantes.
- É conveniente buscar alianzas co profesorado comprometido coa educación en valores.
- A creación dun grupo de traballo por centro é unha boa estratexia para introducir a igualdade de xénero.

4. Diagnose

Para a recollida de datos utilizáronse enquisas en liña e fixéronse grupos de discusión. As enquisas combinaban preguntas abertas e pechadas. En canto os grupos de discusión, estes permitiron obter a información acerca das percepcións, sentimentos e actitudes respecto á igualdade de oportunidades por parte de dous dos axentes socializadores máis importantes, como son as familias e o profesorado.

Como sinala o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade de mulleres e homes e establecerá, sobre a base dunha diagnose previa, as necesidades, os obxectivos, as directrices de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.


Deseguido, a través dos gráficos extraídos das enquisas realizadas aos diferentes axentes implicados neste proceso de diagnose, extraeremos unhas conclusións que permitirán propoñer unha serie de medidas ou accións para desenvolver no Plan de igualdade intercentros de ensino do Concello de Narón.

Enquisas en liña


Nº de respostas dirección		Nº de respostas profesorado		Nº de respostas ANPA	
Mulleres	6	Mulleres	111	Mulleres	241
Homes	5	Homes	29	Homes	59
Sen identificar	0	Sen identificar	2	Sen identificar	5
Total	11	Total	142	Total	305

Equipo directivo dos centros:


Dirección do centro




Xefatura de estudos




Secretariado do centro



Composición do claustro




Coordinación do equipo ou proxecto de igualdade




Os gráficos amosan que a presenza das mulleres na composición do persoal dos equipos directivos é superior aos homes nun 71,55%.

Profesorado por ciclo:


Infantil




1ºCiclo de Primaria




2ºCiclo de Primaria




3ºCiclo de Primaria




ESO



Bacharelato




Formación Profesional




A realidade dos centros educativos do Concello de Narón non dista do que acontece na meirande parte do resto de concellos. A presenza das mulleres nos ciclos educativos vai en descenso a medida que o ciclo é superior, sendo elas a maioría do profesorado, a excepción de Formación Profesional onde o 65% do profesorado son homes.

Consello Escolar


Consello Escolar



Nº de delegadas/os de curso




Consello Escolar: Familias




Un dato relevante é o relativo ao consello escolar dado que a meirande parte son mulleres pero, o alumnado designado como delegado ou delegada no 64,29% son rapaces.

As ANPA

As ANPA: Presidencia




As ANPA: Xunta Directiva




Nas ANPA a presenza de varóns é residual. O 80,43% das persoas pertencentes á xunta directiva son mulleres.

Hai Plan de Igualdade




Programas fomento da Igualdade




No 82% dos centros hai un plan de igualdade e máis da metade dos centros teñen programas destinados ao fomento da igualdade.

familias


Quen forma a unidade familiar?



Ten traballo remunerado?




En caso de ter parella, a outra persoa traballa de forma remunerada?



Na diagnose feita no caso das familias, a maioría de familias participantes respondían ao modelo de familia nuclear composta pola figura dunha nai e un pai. Contestaron maioritariamente mulleres e o 74,10% teñen un traballado remunerado, o cal pon de manifesto a necesidade de dar resposta a unha realidade que obriga a unha conciliación e corresponsabilidade de todos os membros da familia.

Das seguintes tarefas ou actividades, quen as fai normalmente?



As familias indican que nos seus fogares o relativo ao traballo doméstico se reparte de forma equitativa, salvo o relacionado cos coidados das crianzas. Estes datos contrastan cos oficiais que indican que no Estado español:


- As mulleres dedican diariamente unha media de 4,55 horas diarias ao traballo doméstico, fronte ás 1,37 horas dos homes.
- O 63,55% das mulleres ocupadas realizan os labores do fogar, fronte ao 16,31% dos homes.
- Un 33,1% das mulleres elixen traballos a tempo parcial por obrigas familiares, fronte a un 3,8% dos homes.

Con respecto aos coidados das crianzas, existe unha coherencia cos datos oficiais xa que:


- Por cada home que abandona o seu posto de traballo por razóns familiares, fano 27 mulleres.
- O 78% dos contratos a tempo parcial son ocupados por mulleres.
- O 98,45% dos permisos por maternidade son solicitados por mulleres.
- Como dato a ter en conta, segundo o Centro de Investigacións Sociais, se ás tarefas que levan a cabo as amas de casa se lles dera o mesmo valor remunerado, o produto interior bruto (PIB) de España aumentaría un 126%.

Neste bloque debería facer especial fincapé, xa que o relativo aos coidados, mercado laboral ou elección das profesións son os que no futuro xerarán mulleres dependentes economicamente que resultan ser unha das principais causas das relacións de violencia.


Cre que hai xoguetes ou xogos máis propios de nenas que de nenos, ou á inversa?




Considera importante o feito de que nalgúns centros educativos para as celebracións vistan as nenas e nenos de forma diferente?



Cre que á hora de xogar ou saír teñen a mesma liberdade as rapazas que os rapaces?



No centro onde estuda a súa filla ou fillo percibiu algún trato sexista ou discriminatorio por motivos de sexo/xénero ou orientación sexual?




Pensa que o centro leva a cabo un bo labor cara á consecución da igualdade entre nenas e nenos/rapazas e rapaces?




Por parte das familias, poderíamos concluír que a percepción que teñen con respecto aos diferentes axentes socializadores, a propia familia ou centro educativo caracterízase por ter totalmente integrado o concepto de igualdade e que iso mesmo fai que rapazas e rapaces non sufran diferenzas por cuestións de sexo ou xénero, o cal non se corresponde coa realidade, tal e como se constata ao facer unha observación nas aulas, nos patios e comedores.


Profesorado

Uso da linguaxe inclusiva




Onde 1 é nada de acordo e 5 é totalmente de acordo, indica o teu grao de acordo:







Que papel xogan as mulleres que aparecen nos libros de texto?




Imaxes nos libros de texto




Séntanse de forma segregada
nenas e nenos




Realizan as mesmas
actividades extraescolares




Foméntanse os grupos mixtos



1 é nada de acordo e 5 é totalmente de acordo



No trato co alumnado



Nas enquisas realizadas ao profesorado, a principal conclusión é que non existe unha conciencia sobre o papel das mulleres tanto no material didáctico, como na linguaxe, nin respecto ao lugar que as propias alumnas teñen en comparación cos alumnos nas aulas a todos os niveis.

Os diferentes resultados amosan a necesidade dunha formación a todo o profesorado para que detecten estas cuestións e ofrecerlles ferramentas que lles permitan ir integrando esta perspectiva e desmontando eses estereotipos e roles que se reproducen de forma inconsciente en todos os espazos dos distintos centros educativos.

5º DE PRIMARIA

As enquisas realizadas con 5º de primaria cuxa mostra non é representativa en termos cuantitativos, pon de manifesto que, en xeral, o alumnado participante é consciente de determinadas cuestións que teñen que ver coa socialización de xénero, é dicir, con diferenzas aprendidas segundo o xénero, pero que o labor que se leva a cabo en materia de igualdade vai tendo repercusión e detectan cuestións que son positivas cara a ir mudando esa educación diferenciada polo feito de ser nena ou neno.



Neste gráfico resulta rechamante que eles, os nenos, son os que se decantan por un superheroe.




Con relación aos disfraces, non hai nada destacable salvo que un dos nenos participantes se queira disfrazar de Maléfica.



As rapazas son as únicas que usan o adxectivo forte, o cal amosa como pouco a pouco elas van interiorizando ese cambio de estereotipos e como poñen en valor ese adxectivo a diferenza deles.

Que actividades cre que fan normalmente homes e mulleres?



A división de actividades faise en función aos estereotipos de xénero. Desta forma creen que as mulleres pasan o ferro, cociñan, lavan a louza, peitean ou xogan á goma máis que os homes.

Roldas de participación

Número	Perfil	Sexo/xénero	Total	Lugar
ALUMNADO	5º de primaria	6 nenas e 4 nenos	10	CEIP Virxe do Mar
ALUMNADO	3º ESO	4 rapazas e 2 rapaces	6	IES Terra de Trasancos
AS ANPA	Nais e pais	2 pais e 5 mulleres	7	Sala de prensa do concello
PROFESORADO	Infantil, primaria e ESO	7 mulleres e 4 homes	11	Sala de prensa do concello

4.1) Análise xeral da situación de partida

Dous dos alicerces fundamentais para educar en igualdade a rapazas e rapaces son as familias e o profesorado. Se non se fai un traballo en paralelo o resultado segue a ser ínfimo xa que, o que se desmonta nun lado, perpetúase no outro, o cal implica un mal investimento en termos económicos e humanos.

O profesorado resulta ser un axente idóneo para desmontar estereotipos e roles de xénero, e construír novos modelos, prácticas e relacións baseadas na igualdade respectando a diversidade das persoas e a súa individualidade e, para poder levalo a cabo, teñen que ter formación en igualdade e violencia de xénero.

As familias como referentes das crianzas xogan un papel fundamental como modelos a imitar e dos que se alimentan na configuración das súas identidades e actitudes.

Tanto o profesorado como as familias, deben incorporar a perspectiva de xénero na súa visión do mundo e deben intentar achegar claves para que as cativas e cativos vaian identificando os prexuízos. Debe intentarse fomentar unha reflexión consciente sobre as mensaxes que se reciben e envían con relación aos xéneros e ao binarismo.

Cabe destacar que, nas roldas de participación co profesorado unhas das necesidades detectadas foi a elaboración deste plan. Existía un consenso maioritario respecto á satisfacción desta necesidade, así como á formación “obrigatoria” do persoal docente. No caso das ANPA, o punto común foi a falta de implicación e de sensibilización por parte das familias en xeral, e pedían que se desenvolvesen accións que fomentaran esta participación e perspectiva, sendo estas o axente socializador máis importante.

O Concello de Narón leva a cabo unha serie de obradoiros ao redor desta área, en horario lectivo, durante o curso 2019-2020:

OBRADOIROS	NIVEL EDUCATIVO
Obradoiros de habilidades sociais	ESO
Obradoiros de educación afectivo-sexual	2º ESO
Asesoría de sexualidade nos IES e no CPI O Feal	ESO + BACHARELATO
Obradoiros de sensibilización sobre a violencia sexual	4º ESO
Obradoiros de corresponsabilidade	5º EP
Obradoiros de sensibilización sobre micromachismos	3º e 4º ESO
Obradoiros de coeducación	1º EP
Marcha ciclista contra a violencia de xénero	6º EP

4.2) Contextualización

FORTALEZAS

- Implicación por parte das concellarías de Educación e de Igualdade.
- Implicación de parte do profesorado que posúe sensibilización respecto a este tema.
- Implicación das ANPA.
- Traballo que se está a facer co alumnado a través dos obradoiros.

DEBILIDADES

- A maioría do profesorado non ten formación, polo cal, non son conscientes da necesidade do plan de igualdade.
- Insuficiente implicación por parte das familias.

OPORTUNIDADES

- A sinatura do Pacto de Estado contra a violencia machista.
- A oferta formativa que se ofrece dende a consellería.
- A demanda por parte do propio profesorado de ter formación.

AMEAZAS

- Materiais que aínda non incorporan de xeito sistemático a perspectiva de xénero.
- Discurso negacionista por parte dalgunhas familias.

5. Principios fundamentais

Partimos do recollido no VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, onde se contempla no capítulo II “A Igualdade na educación e nos valores” como a primeira área estratéxica do plan e establece que a coeducación é unha estratexia de intervención educativa intencionada que parte da revisión das pautas sexistas da sociedade, segundo se indica no plan “os obxectivos desta intervención serían, por unha banda, promover un desenvolvemento integral da persoa, libre da limitación imposta polos estereotipos de xénero, á vez que produce cambios no pensamento, nas actitudes e no comportamento, na visión e interpretación do mundo no alumnado. Por outra, implica previr, compensar e erradicar as desigualdades por razóns de sexo e xénero”.

Para impulsar o modelo coeducativo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en adiante CEUFP), xunto coa Secretaría de Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdades de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

O Plan municipal intercentros de ensino do Concello de Narón identifica os fins perseguidos e resulta ser un instrumento adecuado para garantir e materializar o principio básico de igualdade ofrecendo ferramentas para intentar acabar con calquera forma de discriminación por cuestión de sexo, xénero, orixe, cultura ou diversidade funcional ou cognitiva, sustentándose sobre uns principios fundamentais:

1. IGUALDADE:

A igualdade é o concepto normativo regulador dun proxecto feminista de transformación social. Todos os seres humanos son suxeitos e todas as persoas posúen unha natureza común. A igualdade non pretende homoxeneizar, senón recoñecer a diversidade de todas as persoas e actuar sobre a base diso para conseguir os mesmos dereitos e liberdades. Implica reivindicar a abolición das diferenzas artificiais en razón do sexo, os privilexios dun sexo ou xénero sobre o outro, a desaparición da opresión e a desigualdade.

2. TRANSVERSALIDADE:

Fai referencia á necesidade de que a realidade nos diversos ámbitos sociais, culturais, educativos, políticos e económicos, se analice tendo en consideración que homes e mulleres non se atopan na mesma posición social e que esa diferente posición determina os efectos que para cada un dos colectivos (o das mulleres e o dos homes) terán as propostas de transformación social que se deseñen.

A transversalidade de xénero constitúe a liña mestra dun plan coeducativo. A finalidade que se persegue é establecer un marco de acción no que todas as actividades comunitarias poidan contribuir a

alcanzar o obxectivo de eliminar as desigualdades e fomentar a igualdade entre todas as persoas.

3. ERRADICAR A VIOLENCIA POR CUESTIÓN DE SEXO, XÉNERO, IDENTIDADE OU ORIENTACIÓN SEXUAL:

Resulta imprescindible a prevención, sensibilización e concienciación na comunidade educativa do problema da violencia por cuestión de sexo, xénero, identidade ou orientación sexual e a loita pola súa total erradicación.

4. A DIVERSIDADE COMO RIQUEZA SOCIAL:

A inclusión educativa e a provisión dun ensino rico e valioso para un alumnado cada vez máis diverso constitúe un reto para os centros escolares, cuestiona moitas das súas prácticas habituais e esixe un cambio cultural importante neles.

Nos centros educativos reproducése a diversidade existente na sociedade, así como a valoración que se fai dela nas súas diferentes manifestacións da diversidade: cultural, de xénero, orientación sexual, capacidades e medios económicos.

5. VISIBILIDADE:

Ofrecer referentes, desmontando os estereotipos e roles de xénero, resulta fundamental para que as crianzas e a rapazada sexan conscientes da presenza das mulleres en todos os ámbitos na vida e ao longo da historia.

A diversidade de persoas por diferentes cuestións tamén é constantemente invisibilizada, polo cal, para rematar cos prexuízos hai que ofrecer modelos que rompan co imaxinario colectivo, onde os homes brancos heterosexuais son os protagonistas en todas as esferas, recoñecidas a nivel social e económico.

6. Estrutura

EIXES

EIXE 1: CENTROS EDUCATIVOS

EIXE 2: LINGUAXE INCLUSIVA

EIXE 3: FAMILIA

EIXE 4: LGTBIQ+

EIXE 5: BIBLIOTECAS

EIXE 6: PATIOS E COMEDORES COEDUCATIVOS

6.1. PROPOSTA DE PROXECTO DE PATIO COEDUCATIVO: “O patio que soñamos”

Período de vixencia:

Setembro de 2020 - Xuño 2023.

EIXE 1: CENTROS EDUCATIVOS

OBXECTIVOS

1.1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero en todo o traballo dos centros de ensino.

MEDIDAS/ACCIÓNS

1.1.1. Presentación do PI intercentros de ensino _Setembro 2020.

1.1.2. Recollida de datos desagregados_ 2020-2023.

1.1.3. Organización de xornadas de encontro entre representantes dos once centros para compartir boas prácticas e experiencias _Outubro-décembro 2020.

INDICADORES/MEDIDORE

- S**
- N^o de centros participantes.
 - N^o de encontros.
 - Documentos desagregados.
 - N^o de persoas participantes.
 - Catálogo de materiais.

1.2. Eliminar materiais que reproducen e fomentan estereotipos e roles de xénero.

MEDIDAS/ACCIÓNS

1.2.1. Revisión de contos, materiais didácticos e recursos audiovisuais _ 2020-2021.

1.2.2. Creación dun espazo virtual onde compartir documentos e materiais_ 2020-2021.

INDICADORES/MEDIDORE

- S**
- N^o de centros participantes.
 - Web.
 - Catálogo de materiais.

1.3. Orientar ao alumnado vocacional e profesionalmente.

MEDIDAS/ACCIÓNS

1.3.1. Realización dunha xornada de portas abertas co alumnado e as familias sobre orientación vocacional e profesional con perspectiva de xénero _ 2020-2023.

INDICADORES/MEDIDORE

- S**
- N^o de centros participantes.
 - N^o de encontros.
 - Web.
 - N^o de persoas participantes.

1.4. Sensibilizar sobre igualdade e prevención de violencia machista.

MEDIDAS/ACCIÓNS

1.4.1. Manter os obradoiros ao alumnado sobre igualdade e violencia machista _ 2020-2023.

INDICADORES/MEDIDORE

- S**
- N^o de centros participantes.
 - N^o de encontros.
 - N^o de persoas participantes.

1.5. Reflexionar ao longo do curso sobre a educación para a igualdade e prevención da violencia de xénero entre o equipo educativo e as familias.

MEDIDAS/ACCIÓNS

1.5.1. Ofrecer recursos ás familias a través de xornadas e material educativo _

INDICADORES/MEDIDORE

- S**
- N^o de centros

2020-2023.

participantes.

- Documentos desagregados.

- Web.

- Catálogo de materiais.

EIXE 2: LINGUAXE INCLUSIVA

OBXECTIVOS

2.1. Non invisibilizar nin subordinar a través da linguaxe e contidos visuais ás mulleres.

MEDIDAS/ACCIÓNS

2.1.1. Elaboración dunha guía práctica sobre uso da linguaxe inclusiva _ 2020-2021.

2.1.2. Xornada formativa ao profesorado sobre o uso da linguaxe inclusiva, presentación da guía por centro e entrega de USB _ 2020-2021.

2.1.3. Revisións sistemáticas da documentación xerada polo centro e da web do centro _ 2020-2023.

2.1.4. Evitar o uso do masculino xenérico na documentación xerada _ 2020-2023.

2.1.5. Equilibrar a presenza de figuras masculinas e femininas nas imaxes xeradas polo centro _ 2020-2023.

2.1.6. Mostrar diversidade nas imaxes _ 2020-2023.

2.1.7. Utilizar sinais non androcentristas ou sexistas _ 2020- 2021.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Guía de uso da linguaxe inclusiva.
- Nº de xornadas formativas.
- Nº de persoas participantes.
- Documentación revisada.
- Web revisada.

EIXE 3: FAMILIA

OBXECTIVOS

3.1. Implicar as familias.

MEDIDAS/ACCIÓNS

3.1.1. Informar do traballo que se leva a cabo nos centros para que sexan conscientes _ 2020-2023.

3.1.2. Xornada en cada centro para deseñar e construír O patio que soñamos _Outubro 2020.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Páxina web do centro coas actividades.
- Material elaborado.
- Nº de xornadas.
- Nº de persoas participantes.

3.2. Deseñar novas estratexias para poder levar a cabo esta implicación.

MEDIDAS/ACCIÓNS

3.2.1. Elaborar material de uso nos centros escolares coas familias (libro, axenda, calendario, etc.) _ 2020-2023.

3.2.2. Xornada lúdica por centro para facer materiais sobre a temática e logo ese mesmo material será distribuído polos centros (exposicións de fotografía, carteis, etc.) _ 2020-2023.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Páxina web do centro coas actividades.
- Material elaborado.
- Nº de xornadas.
- Nº de persoas participantes.

3.3. Sensibilizar ás familia sobre igualdade e a prevención da violencia de xénero.

MEDIDAS/ACCIÓNS

3.3.1. Representacións teatrais dirixidas ás familias _ 2020- 2023.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Nº de actividades culturais.
- Nº de persoas participantes.

EIXE 4: LGTBIQ+

OBXECTIVOS

4.1. Introducir cuestións sobre diversidade sexual en todos os ciclos educativos.

MEDIDAS/ACCIÓNS

4.1.1. Contacontos e representación con monicreques para infantil e primaria _ 2020-2023.

4.1.2. Cinefórum a realizar durante a semana do orgullo LGTBIQ + para ESO e

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Nº de representacións.
- Nº de persoas participantes.
- Material gráfico.

bacharelato_ 2020-2023.

4.1.3. Celebrar o Día da Familias en toda a súa diversidade_ 2020-2023.

EIXE 5: BIBLIOTECAS

OBXECTIVOS

5.1. Sensibilizar o alumnado mediante material coeducativo de consulta e lectura.

MEDIDAS/ACCIÓNS

5.1.1. Revisar todo o material e adquirir novos libros _2020- 2021.

5.1.2. Catalogar segundo sexan recomendables _ 2020-2021.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Catálogo
- Material gráfico
- Nº de préstamos dos libros recomendados

5.2. Dotar as bibliotecas de referentes femininos na súa bibliografía e visibilizar outros modelos de persoas e familias.

MEDIDAS/ACCIÓNS

5.2.1. Exposicións temporais na propia biblioteca destacando figuras e libros feministas _ 2020-2023

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Catálogo
- Material gráfico
- Nº de préstamos dos libros recomendados

EIXE 6: PATIOS E COMEDORES COEDUCATIVOS

OBXECTIVOS

6.1. Mudar as dinámicas dos patios e comedores.

MEDIDAS/ACCIÓNS

6.1.1. Ambientar os espazos do patio e comedor un día ao mes con música de temática feminista elixida por unha clase.

6.1.2. Concienciar a través de imaxes ou frases non sexistas da importancia da distribución de tarefas no fogar_ 2020-2023

6.1.3. Realización de materiais sobre corresponsabilidade.

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Material gráfico.

6.2. Diseñar e construír novos patios.

MEDIDAS/ACCIÓNS

6.2.1. Xornada de boas prácticas: O patio que soñamos _Outubro-dецembro 2020

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Nº de xornadas.

6.3. Mediar na xestión dos conflitos.

MEDIDAS/ACCIÓNS

6.3.1. Titorías entre iguais _ 2020-2023

INDICADORES/MEDIDORE

S

- Nº de titorías.

6.1) Proposta de proxecto de patio coeducativo

Un patio coeducativo é un lugar de aprendizaxe e educación responsable, onde se aprenden xogos novos como alternativa a deportes como o fútbol, que na actualidade monopolizan os espazos de lecer da escola. Esta idea quere acabar con esta imaxe e tentar que os nenos e nenas se sentan ben dentro de dinámicas de xogo alternativas.

A importancia desta proposta reside en que serve para contrarrestar o proceso de socialización externa a educación formal, onde se establecen uns roles que dan lugar a que se desempeñen unhas funcións conforme o sexo asignado o nacer. Ademais, temos que ter en conta que a unha nena se lle fan buracos nas orellas, se lle pon roupa rosa e regálanselle monecas para coidar, mentres que os nenos utilizan roupa azul, e se lle agasallan xoguetes relacionadas con profesións masculinizadas. Isto dá lugar a que as nenas se identifiquen co rol de muller coidadora e os nenos con postos directivos.

Tendo en conta todo o anterior, dende os colexios débense marcar os seguintes obxectivos:

- Ofrecer formas de xogo alternativas ao fútbol nos centros educativos.
- Fomentar a igualdade a través dunha mellor convivencia dentro do centro.
- Integrar ao profesorado, alumnado, pais, nais, titores ou titoras no proceso de aprendizaxe que ten lugar no patio.
- Mellorar a forma de relacionarse do alumnado entre si.

Algunhas propostas para lograr estes obxectivos son:

- Dividir os días da semana por actividades a realizar no patio escolar.
- Ofrecer o patio de fútbol só un día por semana a cada curso.
- Ter un día á semana para realizar xogos creativos ou poñer música elixida previamente polo alumnado con temática sensibilizadora.
- Intentar sempre que os equipos que se formen nos xogos sexan mixtos.
- Realizar unha choiva de ideas de xogos co alumnado de forma periódica para que sexan protagonistas e impulsores do patio coeducativo.
- Establecer obxectivos mensuais a través de técnicas como a economía de fichas para modificar condutas sexistas nos patios.

Esta proposta de patio escolar é o inicio dun proxecto moito máis ambicioso que permitiría ter un espazo máis amplo e con moitas máis propostas educativas e de lecer: cinco zonas de terra diferentes, árbores, un horto, plantas aromáticas, etc., espazos dos que se beneficiaría de forma directa o alumnado pero con implicación de profesorado e familias, pois o cambio non é posible sen implicalos neste proxecto.

7. Seguimento e Avaliación

Para o seguimento e avaliación do plan, leváronse a cabo as seguintes medidas:

- Xuntanzas da Comisión de Igualdade.
- Edición dun díptico por ano lectivo coas actividades desenvolvidas e obxectivos acadados.
- Fichas de participación (anexos).
- Enquisas de satisfacción (anexos).
- Material elaborado.
- Memoria anual.

8. Glosario

ACCIÓN POSITIVA

Son as medidas a favor das mulleres para corrir situacións patentes de desigualdade respecto aos homes que adopta a Administración para facer efectivo o principio constitucional de igualdade. Estas medidas teñen carácter temporal e utilízanse en tanto existan as situacións de desigualdade. Teñen que ser razoables e proporcionadas en relación co obxectivo que se persegue.

ANDROCENTRISMO

O enfoque dun estudo, análise ou investigación unicamente desde a perspectiva masculina; así como a posterior utilización dos resultados como válidos para a xeneralidade dos individuos, homes e mulleres.

BARREIRAS INVISIBLES

En todos os países do mundo, as mulleres enfróntanse a múltiples barreiras e á discriminación por motivos de xénero no lugar de traballo. A discriminación aparece de forma temperá: desde o tipo de educación que reciben as nenas ata a clase de traballo ao que son relegadas. Tanto na esfera privada como pública, as mulleres enfróntanse á segregación profesional, aos estereotipos e costumes, ás barreiras para exercer os seus dereitos sobre a propiedade, á falta de acceso aos créditos, aos recursos e á tecnoloxía, á violencia de xénero e a moitos outros obstáculos que dificultan a igualdade cos homes no mundo laboral.

As barreiras xurídicas agravan aínda máis as desigualdades de xénero. A pesar de que existen marcos xurídicos que abordan o acoso no traballo, a súa aplicación e o acceso á xustiza seguen sendo lentos e difíciles. Ademais, o emprego e a capacidade empresarial das mulleres están suxeitos a unha ou máis restricións legais por razón de xénero.

COEDUCACIÓN

Educación de nenas e nenos á marxe do xénero feminino ou masculino, é dicir, a acción de educalas/os partindo do feito de que son seres individuais sen condicionamentos previos baseados en estereotipos culturais.

CORRESPONSABILIDADE

Reparto equitativo das responsabilidades entre mulleres e homes nos coidados familiares e organización do espazo doméstico.

CURRÍCULO OCULTO

O que se aprende na escola de forma non explícita e non intencional e de cuxa transmisión tampouco é consciente o alumnado.

FEMINIDADE

Resumo das “calidades” que a sociedade patriarcal lles asigna ás mulleres: submisión, debilidade, pasividade, dependencia, etc. Refírese ao

patrón ou modelo desexable da muller segundo o punto de vista patriarcal.

FEMINISMO

Movemento social, político e filosófico que busca acadar unha igualdade entre mulleres e homes, respectando a individualidade de cada quen.

INVISIBILIZACIÓN

Desaparición das mulleres na orde simbólica, referida a todos os ámbitos da vida pública en xeral, como por exemplo a través da linguaxe sexista.

MACHISMO

Conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento de actitudes discriminatorias contra as mulleres e contra todas as persoas que teñen “actitudes ou comportamentos femininos”.

MASCULINIDADE

Calidade atribuída socialmente aos homes e que inclúe atributos que se consideran inherentes ou exclusivos do seu sexo/xénero: forza, iniciativa, competitividade, valor, etc. É unha manifestación cultural e, en consecuencia, resulta cambiante e modificable.

ORDE SIMBÓLICA PATRIARCAL

Organización social que privilexia a mediación paterna como sistema único e excluínste de relación, impoñendo a lei do pai. Nas súas orixes situaríase o matricidio ou cancelación da xenealoxía materna e o contrato sexual, sendo este unha das súas institucións básicas xunto coa heterossexualidade obrigatoria.

PATIO COEDUCATIVO

Os recreos empezaron a contemplarse como espazos de aprendizaxe e dun traballo da estrutura e da identidade de convivencia dos centros educativos. A intervención coeducativa nos patios dos colexios supón unha maneira de previr desigualdades e violencias, de favorecer que compartan espazos de xogos, que se coñezan en espazos lúdicos e de propoñer o bo trato e o coidado nas relacións entre iguais xa que desde pequenos/as teñen que aprender a convivir en igualdade. Existe unha problemática que afecta en xeral aos patios dos colexios e que supón a falta dun uso equitativo do espazo.

PATRIARCADO

É a toma de poder histórica por parte dos homes sobre as mulleres cuxo axente ocasional foi de orde biolóxica, aínda que este foi elevado á categoría política e económica. A dita toma de poder pasa polo sometemento das mulleres á maternidade, á represión da sexualidade feminina e á apropiación da forza de traballo total do grupo dominado, do cal o seu primeiro, pero non o único produto son os fillos e fillas.

Deste xeito, o patriarcado convértese nun sistema familiar e social, ideolóxico e político a través do cal os homes determinan cal é o papel que as mulleres teñen que ocupar co fin de que estean sempre nunha

situación de submisión. Un sistema que se estrutura a partir da forza, os ritos, a tradición, a linguaxe, a educación, as leis e a división do traballo.

SEXO

Condición biolóxica pola cal en función da xenitalidade se atribúe a categoría home ou muller.

SEXISMO

Conxunto de todos e cada un dos métodos utilizados no seo do patriarcado para poder manter en situación de inferioridade, subordinación e explotación o sexo dominado: o feminino. O sexismo abarca todos os ámbitos da vida e as relacións humanas, de maneira que non é imposible non facer unha relación exhaustiva nin tampouco aproximada das súas formas de expresión e puntos de incidencia.

SOCIALIZACIÓN

Proceso de interiorización de valores e comportamentos que proveñen do contorno no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais, por exemplo a través dos medios de comunicación, familia e escola.

VIOLENCIA MACHISTA

O abuso da forza ou enerxía despregada impetuosamente contra unha persoa co propósito de ferir, abusar, humillar, dominar, torturar ou destruíla.

A violencia pode manifestarse de diferentes formas. Existe unha violencia verbal (aquela en que se utiliza a linguaxe oral para ofender directamente á persoa, ferindo a súa dignidade), física (aquelas accións en que se utiliza o uso da forza física para conseguir unha finalidade) ou psicolóxica (unha violencia que pode manifestarse de forma sutil e que se dirixe a minar a confianza, a seguridade ou a autoestima das mulleres), entre outras.

XENEALOXÍA

Concepto que serve para marcar social e simbolicamente ao xénero feminino. Establecer un vínculo entre mulleres convértese na clave para ler a realidade e a experiencia. A delimitación de xenealoxías femininas, anuladas na sociedade patriarcal, preséntase como unha necesidade de orde simbólica e social.

XÉNERO

É a delimitación cultural do comportamento que se define como apropiado para cada sexo dentro dunha sociedade determinada e nun momento concreto.

Refírese a aquilo co que a persoa se identifica a partir da súa experiencia vital, en concreto as características e roles que a través dos procesos de socialización relacionamos con cada sexo.

Hai que ter en conta que podemos encontrar persoas que non se senten cómodas dentro do termo cisexénero (ex: sexo muller; xénero femenino) e existen outras opcións.

Ex: transxénero, panxénero, xénero fluído, etc.

9. Anexos

Anexo 1: Modelos de Fichas

MEDIDAS POSTAS EN MARCHA

EIXES ESTRATÉGICOS DE INTERVENCIÓN

- E1 E3 E5
 E2 E4 E6

DENOMINACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

DATAS DE EXECUCIÓN:

INICIO:	FIN:
---------	------

LUGAR DE EXECUCIÓN:

RESPONSABLE DA ACTUACIÓN:

- ÁREA ENTIDADE EXTERNA

Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES:

MULLERES:	HOMES:	TOTAL:
-----------	--------	--------

OBXECTIVOS:

RESULTADOS:

COMENTARIOS:

INSTRUMENTO PARA OS DATOS DAS MEDIDAS POSTAS EN MARCHA

EIXES ESTRATÉXICOS DE INTERVENCIÓN:

DENOMINACIÓN E BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:

DATAS DE EXECUCIÓN:

INICIO: FIN:

LUGAR DE EXECUCIÓN:

RESPONSABLE DA ACTUACIÓN:

ÁREA:

Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES:

MULLERES: HOMES: TOTAL:

ORZAMENTO:

COMENTARIOS:

FICHA DE RECOLLIDA DAS FORMACIÓNS OU OBRADOIROS

NOME DA ACTIVIDADE:

DATAS DE EXECUCIÓN:

HORA INICIO:	HORA FIN:
--------------	-----------

LUGAR DE EXECUCIÓN:

Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES:

MULLERES:	HOMES:	TOTAL:
-----------	--------	--------

SEXO:

IDADE:

PROFESIÓN:

ENTIDADE/ASOCIACIÓN OU DEPARTAMENTO:

OBXECTIVOS:

- COÑECE OS OBXECTIVOS QUE PRETENDE ACADAR A ACTIVIDADE
- A ACTIVIDADE AXUSTOUSE AOS OBXECTIVOS

METODOLOXÍA EMPREGADA:

- FACILITOU A PARTICIPACIÓN
- RESULTOU ÚTIL
- A DURACIÓN FOI AXEITADA
- O HORARIO FOI AXEITADO

COMENTARIOS:

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN FINAL DAS ACTIVIDADES

CENTRO:

DATA:

NOME DA ACTIVIDADE:

SEXO/XÉNERO:

IDADE:

Marque a opción que máis se axuste ao que pensa sobre a actividade realizada:

1. Que lle pareceron as actividades realizadas?



2. Segundo o seu parecer, os contidos sobre os que traballaron foron?



3. As actividades servíronme para aprender cousas novas?



4. Favoreceuse a participación ao longo da actividade?



5. Como realizou o seu traballo a dinamizadora?



6. A duración da actividade pareceume suficiente?



7. Gustaríame facer máis actividades coma esta?



8. Escribanos algunha suxestión:

Anexo 2:

Proxecto de patio coeducativo do CPR Jorge Juan
Plan proxecta. Proxecto terra: Transformación de patios escolares
"UN PATIO DE SORRISOS" (CURSO 2019/20).

COORDINACIÓN

Marta Torres García

COMPOÑENTES

Eva Teijeiro Martorell

Rut Lesta Boedo

María López Grandal

Laura Galego Castro

Sonia Rodríguez Varela

Bettina Vázquez Paz

Mónica Grela Pita

María José Cazorla Pena.



DESENVOLVEMENTO

"UN PATIO DE SORRISOS" xorde no pasado curso académico 2018/19 co obxectivo de revitalizar e optimizar o aproveitamento dos espazos exteriores do centro, na procura da mellora da convivencia e o ambiente escolar.

Co desenvolvemento deste proxecto tratarase de promover a convivencia entre os diferentes niveis, grupos e idades do alumnado ao presentar un novo estilo de enfocar os espazos exteriores que ofrece o colexio, favorecendo deste xeito o apoio aos eixes transversais. Preténdense fomentar valores como a solidariedade, o compañeirismo, a tolerancia, o respecto e a corresponsabilidade, ao tempo que se potencia o traballo colaborativo, creativo, o asociacionismo e a socialización do alumnado.

O resultado dos primeiros pasos deste proxecto foron moi positivos, non só coa propia transformación dos patios, senón coa resposta ofrecida polas familias, alumnado e profesorado en canto á colaboración e predisposición á hora de realizar esta transformación.

Ademais, comezado o curso 2019/20, obsérvase que non foi en van todo o traballado. O alumnado goza do pequeno cambio realizado no patio, aproveitando ao máximo as novas posibilidades lúdicas.

Este ano académico preténdese continuar co comezado no curso anterior, dando resposta ás novas necesidades que vaian xurdindo, ademais de rematar as tarefas que quedaron pendentes, expostas a continuación no apartado de actividades.

METODOLOXÍA

Para levar a cabo este proxecto, teremos en conta as seguintes condicións:

- Partirase dos intereses, preferencias e necesidades do alumnado para favorecer as aprendizaxes e buscarase incrementar as oportunidades de interacción positiva.
- Realizaranse actividades con sentido que potencien a motivación.
- Procurarase un ambiente estruturado e anticipable.
- Estableceranse procedementos de anticipación e previsión de actuacións e cambios que permitan afrontalos sen vivilos como experiencias desconcertantes.
- Establecerase unha relación entre as tarefas que se van desenvolver con contidos específicos que a cada nivel de alumnado lle corresponde no currículo.
- Elaboraranse sistemas para o control e a regulación das condutas: a imitación e o modelado de adultos e iguais como base no desenvolvemento de patróns de comportamento adecuados.
- Procurarase experiencias explícitas, positivas e lúdicas de relación interpersoal.
- Planificarase a consolidación e xeneralización das dinámicas a outros contextos.

Preténdese a participación de todo o alumnado, o profesorado, así como as familias e o resto da comunidade educativa xunto co contorno sociocultural.



ACTIVIDADES

Partindo do curso anterior no que xa se tomaron as medidas do patio e se elaborou a maqueta para establecer o espazo a transformar, pasaremos directamente á fase de selección de materiais de recursos.

Cada compoñente do grupo dedicárase a unha tarefa distinta, sendo a persoa guía desta. Deste xeito, conseguiremos unha mellor organización á hora de realizar as tarefas. Estas son:

- Rematar o pintado do patio.
- Construír os barcos e os coches.
- Elaborar un escenario.
- Construír unha parede musical.

****Todas as elaboracións realizaranse con material reciclado achegado pola comunidade educativa.***

Ademais, preténdese que o alumnado achegue novas ideas en función dos seus intereses para conseguir moitos sorrisos neste patio.

AVALIACIÓN

Farase unha avaliación integral ou 360°, incluíndo as valoracións de:

- ***Claustro. Entre outros conceptos:***
 - ✓ Resultado cualitativo do proxecto.
 - ✓ Nivel de respecto das normas.
 - ✓ Grao de cumprimento de obxectivos.
- ***Alumnos e alumnas (por niveis). Entre outros conceptos:***
 - ✓ Adecuación do resultado final ás ideas iniciais dos alumnos e alumnas.
 - ✓ Desenvolvemento de habilidades.
 - ✓ Desenvolvemento de responsabilidade.
 - ✓ Contorno colaborativo.
- ***Pais e nais ou titores legais de alumnos e alumnas. Entre outros conceptos:***
 - ✓ Resultado cualitativo do proxecto.
 - ✓ Resultado do proxecto sobre as actitudes dos alumnos e alumnas.

Anexo 3: Recursos Disponibles

MATERIAL DIDÁCTICO E DE CONSULTA EDITADO POLO CONCELLO DE NARÓN

Coeducando, construimos igualdad: Guía didáctica de boas prácticas en educación igualitaria (2007)

Trátase dunha ferramenta de sensibilización, de información e como consecuencia de cambio, na medida en que alcance remover consciencias e a mensaxe transmitida nela, sexa interiorizada polo seu lector ou lectora.

II Plan de igualdad do Concello de Narón (2013- prorrogado)

Relación de medidas e accións levadas a cabo polo Concello de Narón para impulsar a igualdade.

Mostra bibliográfica e fotográfica Facianas

Exposición fotográfica sobre a vida de mulleres de Narón e galegas con carreiras recoñecidas como Amalia Fraguela. Estas mulleres son protagonistas desta mostra, na que se recordan as súas obras máis representativas: escritoras, pintoras, músicas, médicas, arquitectas, redeiras, percebeiras, mulleres que xa na Idade Media se dedicaban ao comercio marítimo, deportistas..., así como as que tiveron relevancia na guerra do 36 e na posguerra (sindicalistas, militantes de partidos, guerrilleiras, enlaces da guerrilla...). Esta exposición fotográfica dá continuidade á dotación da Biblioteca Municipal de libros feministas e difusión destes libros para achegar á poboación a creación artística e cultural das mulleres en todos os ámbitos.

Publicación bibliográfica As mulleres de Narón (2004), de Xosé Leira López (dir.)

Estudo xerado a través de datos estatísticos das mulleres de Narón.

Publicación do conto infantil : Prefiro as de chocolate (2019), de Cristina Justo.

Xogo-guía de sexualidade para a mocidade (2019): xogo de barallas con conceptos de igualdade e sexualidade.

MATERIAL DIDÁCTICO E DE CONSULTA DISPOÑIBLE NA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE NARÓN

Sección infantil

- ¡Soy una niña!, Yasmeen Ismail.
- ¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?, Raquel Díaz Reguera.
- A casa grande: manifesto de cidadanía, João Manuel Ribeiro.
- A meniña furacán e o meniño esponxa, Ilan Brenman.
- A reconquista. Autoría de Antía Yañez e ilustración de Ana Pedreira.
- As mulleres e os homes, Equipo Plantel.
- Benito y su carrito. Autoría de Belén Gaudes e Pablo Macías e ilustracións de Nacho de Marcos.
- Bonitas, Stacy McAnulty.
- El futuro es femenino: cuentos para que juntas cambiemos el mundo, Sara Cano.
- Ellas hicieron historia: mujeres admirables, Marta Rivera de la Cruz.
- La niña invisible. Autoría de Puño e ilustración de Marta Altés.
- La pequeña intolerancia. Mar Pavón e Virginia García.
- Las niñas serán lo que quieran ser, Raquel Díaz Reguera.
- Las princesas más valientes, Dolores Brown.
- Los Biblionautas y el día de la mujer. Autoría de Ana Alonso e ilustracións de Patricia G. Serrano.
- Marta e a píntega, Eli Ríos.
- Me llamo Pecas, Raquel Díaz Reguera.
- Mi primer libro sobre ellas, Marta Rivera de la Cruz.
- Mujeres negras en la ciencia, Zinthia Palomino (proxecto) e Nina Sefcik (ilustración).
- Mujeres. 1, Isabel Ruiz Ruiz.
- Mujeres. 2, Isabel Ruiz Ruiz.
- Mujeres 3, Isabel Ruiz Ruiz.
- Novo mundo. Isabel Zandal na expedición da vacina. Texto e ilustracións El primo Ramón.
- O neno inverno, María Canosa.
- O rapaz do vestido, David Walliams.
- O valor das ideas: a precursora do libro electrónico, pequena biografía de Ángela Ruiz Robles. Autoría de Arantxa Serantes e Ilustracións de Tania Solla.
- Os peloteiros. Autoría de Patricia Mallo e ilustracións de Dani Padrón.
- Princesas al poder. Texto de Vita Murrow e ilustracións de Julia Bereciartu.
- Princesas que cambiaron el cuento, Virginia Mosquera.
- Que lles pasa ás princesas?, escrito por Felicia Redondo e ilustrado por Jessica Mera.
- Rojo : historia de una cera de colores, Michael Hall.

- Semente de igualdade, semente de liberdade: pequena biografía de Ernestina Otero. Textos de Enrique Mauricio e ilustracións de Carlos Taboada.
- Supermujeres superinventoras: ideas brillantes que transformaron nuestra vida, Sandra Uve.
- Teresa no quere ser princesa. Autoría de Belén Gaudes e Pablo Macías e ilustracións de Nacho de Marcos.
- Unha historia de amor: Pequena biografía de M^a Victoria Moreno. Autoría de Joanna Lorenzo Montero e ilustracións Tania Solla.
- Vanesa non quere ser princesa, Xosé A. Perozo.

Sección de adultos/as

- #ÑãoMeKahlo: feminismo além das Redes. Autoría: Bruna de Lara, Bruna Rangel, Gabriela Moura, Paola Barioni e Thaysa Malaquias.
- ¡Me definiendo del sexismo!, Autoría de Emmanuelle Piquet e ilustrado por Lisa Mandel.
- ¿El otoño del patriarcado?: luces y sombras de la igualdad entre hombres y mujeres, Carlos Lomas.
- Ám@me: pensar o amor no século XXI. Chis Oliveira e Amada Traba.
- Aprender a perder: sexismo y educación. Dale Spender e Elizabeth Sarah.
- Brujas: ¿estigma o la fuerza invencible de las mujeres?, Mona Chollet.
- Buenas & enfadadas: el poder revolucionario de la ira de las mujeres, Rebecca Traister.
- Buenos días, guapa. Autoría: Maxie Wander.
- Cansadas, Nuria Varela.
- Chámame señora, pero trátame coma a un señor: memoria persoal do machismo na cultura, Inma López Silva.
- Coeducar en la escuela: por una enseñanza no sexista y liberadora, Miguel Ángel Santos Guerra.
- Comezar desde cero: voces de mulleres recuperando as súas vidas, Tania Merelas.
- Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela, Montserrat Moreno.
- Cómo tomar decisións sobre o teu futuro: guía de orientación vivencial para o alumnado adolescente, Seminario Permanente de Educación para a Igualdade.
- Como tú: 20 relatos + 20 ilustraciones por la igualdad, Ana Alcolea.
- Compañeira, non serva. Autora: María Rosario Regueira Cereijo.
- Diario de una rebelde: guía de insumisión y supervivencia, María Murnau.
- Educar para a igualdade a través da literatura infantil, Pilar Bar Mourelle entre outras persoas.
- Educar para la tolerancia, Tomás Calvo, Rafael Fernández e Antonio-Gabriel Rosón.
- El aliado, Iván Repila.

- El árbol de las mentiras, Frances Hardinge.
- El legado de Catherine Elliot, Gemma Camblor.
- El libro negro de la condición de la mujer, dirigido por Christine Ockrent.
- El país de las ranas, Pina Rota Fo.
- Elementos para una educación no sexista guía didáctica de la coeducación, Feminario de Alicante.
- Elisa e Marcela: amigas e amantes, Narciso de Gabriel.
- Feminicidio: unha nova orde patriarcal en tempos de submisión, Carme Adán.
- Feminino e masculino, Margarita Pérez Froiz e Xoán Currais Porrúa.
- Feminismo ilustrado: ideas para combatir el machismo, María Murnau e Helen Sotillo.
- Feminismo para o 99 %: un manifesto, Cinzia Arruzza, Tithi Bhattacharya e Nancy Fraser.
- Feminismo para principiantes, Nuria Varela.
- Feminismos: antología de textos feministas para uso de las nuevas generaciones y de las que no lo son tanto, Beatriz Ranea Triviño.
- Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia, Montse Pena Presas.
- Fóra do normal, María Reimóndez.
- Fraternalmente, Emma: cartas de amor y de guerra, Emma Goldman.
- Guía didáctica para una orientación no sexista, Luz Martínez Ten e Inés Alberdi Alonso.
- Hijas del Norte, Sarah Hall.
- Historia das mulleres galegas: das marchas nómades á Marcha Mundial das Mulleres, Pepe Carreiro.
- Íbamos a ser reinas: mentiras y complicidades que sustentan la violencia contra las mujeres, Nuria Varela.
- La carga mental femenina: o por qué las mujeres continúan al mando del hogar a coste cero, Samanta Villar.
- Las chicas son guerreras: el cómic femenino de los 70 y 80, Ruth Bernárdez.
- Las incorrectas, Paloma Bravo.
- Los chicos no lloran: el sexismo en educación, Sue Askew e Carol Ross.
- Los hombres me explican cosas, Rebecca Solnit.
- Machistadas: situaciones reales, micromachismos y vergüenza ajena, Rocío Vidal.
- Mafalda, femenino singular. Autoría: Quino.
- Máis aló do azul e do rosa: como previr a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia, Ana Torres Jack.
- Mamá desobediente: una mirada feminista a la maternidad, Esther Vivas.
- Mamá, quiero ser feminista. Autora: Carmen G. de la Cueva.
- Maternidade fóra de catálogo, Marga Tojo.

- Matriarcas: mulleres en pé de vida, Montse Fajardo.
- Morder la manzana : la revolución será feminista o no será, Leticia Dolera.
- Mujeres y poder: un manifiesto, Mary Beard.
- Mulleres, Maria del Carmen Rey Nuñez.
- Ni putas ni sumisas, Fadela Amara.
- No es país para coños: sobre la necesidad de una sociedad feminista, Diana López Varela.
- No somos tontas, Asun Lasasa.
- Nuevos hombres buenos: la masculinidad en la era del feminismo. Autoría de Ritxar Bacete e prólogo de Kirmen Uribe.
- O meu pecado mortal: o voto feminino e mais eu, Clara Campoamor.
- Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo. Coordinación: Inma López Silva.
- Os Ollos do tangaleirón, Xosé A. Neira Cruz.
- Principio de incerteza, Pilar Ortega.
- Querida Ijeawe!e: cómo educar en el feminismo, Chimamanda Ngozi Adichie.
- Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta, Marina Subirats e Cristina Brullet.
- Rosalía feminista, Rosalía de Castro. Edición de Helena González Fernández.
- Senlleiras, Antía Yáñez.
- Teoría King Kong, Virgine Despentes.
- Tierra de mujeres: una mirada íntima y familiar al mundo rural, María Sánchez.
- Todos teríamos que ser feministas, Chimamanda Ngozi Adichie.
- Tú haz la comida, que yo cuelgo los cuadros: trampas y tramposos en la cultura de la desigualdad, Miguel Lorente Acosta.
- Vidas extraordinarias: lazos entre mujeres que han cambiado el mundo, Kate Hodges.
- Voz, Christina Dalcher.
- Xogamos na igualdade, autoría diversa. Xunta de Galicia.

